

COMPOSICIÓN DE TEXTO (setembro 2001)

OPCIÓN 2

Os seguintes documentos serven de base para realizar unha composición sobre o desenvolvemento económico español no século XIX, centrando a atención na industria. Como punto de partida, o Doc.1 chama a atención sobre o contraste centro-periferia. O Doc.2 permite comentar as características do desenvolvemento ferroviario español, tanto no seu papel de artellador do mercado interior como de incentivador de diversas actividades económicas, mentres os Docs.3 e 4 atenden respectivamente a dous sectores clave, como son o siderúrxico e o téxtil. Por último, o Doc.5 complementa a información subministrada nos anteriores e permite realizar unha valoración global do desenvolvemento decimonónico.

Doc.1.-En 1843, Jaime Balmes expoñía a escasa capacidade da capital do Estado para servir de motor do desenvolvemento económico español:

“Cabalmente temos en España un atranco gravísimo que inflúe máis do que se cre en paralizar o noso desenvolvemento e en facer inútiles os mellores desexos. A vida de España está nas extremidades; o centro está exánime, fraco, frío, pouco menos ca morto. Cataluña, as provincias Vascongadas, Galicia, varios puntos do mediodía, ofrécennos un movemento, unha animación da que non participa o corazón de España. Londres é digna capital da Gran Bretaña, París, de Francia; na actividade, na vida da que rebordan aquelas cidades vedes as indispensables condicións da cabeza dun gran corpo. En Madrid e en tódolos arredores a longuísima distancia nada parello atoparedes. Nin agricultura, nin industria, nin comercio”.

Doc.2.-O seguinte mapa amosa as liñas ferroviarias : construídas en España entre 1848 e 1868:



Doc.3.-Principais instalacións siderúrxicas en 1866



Doc.4.-Importación de algodón en rama pola aduana de Barcelona



Doc.5.-O historiador Gabriel Tortella valora así o esforzo industrializador na España do século XIX:

“Hai no século XIX español un número elevado de esforzos a prol da modernización do país. Por unha banda temos os esforzos privados da clase empresarial catalana por crear unha base industrial no principado. Por outra están os repetidos intentos progresistas por sentar as bases políticas e lexislativas dunha sociedade moderna, é dicir, industrializada e tecnificada. O século XIX non foi en España de absoluto estancamento: en Cataluña, e en especial en Barcelona, desenvolveuse unha notable industria; o país levou a cabo a desamortización e a construción da rede ferroviaria; reformouse a educación, o sistema monetario e bancario, os impostos; instituíuse definitivamente o orzamento; sentáronse as bases da industria siderúrxica, etc. Pero en total a tan cacarexada revolución industrial non tivo lugar”.

RECORDA AS NORMAS XERAIS PARA FACER UNHA COMPOSICIÓN DE TEXTO HISTÓRICO

1-. **Introdución.** Indica as características xerais da economía española no XIX destacando os fracaso ou atraso da industrialización. É o tema que vas a desenvolver

- Importante peso da agricultura. Ata finais de século actividade económica que ocupa máis poboación.
- Atraso industrial
 - Industrialización lenta e tardía.
 - Ata os anos 30 non se dan os primeiros cambios: desamortización, supresión gremios, primeiras máquinas, etc
 - Maior desenvolvemento finais de século
 - Dependencia exterior en equipamento técnico e investimento de capitais
- Fortes desequilibrios territoriais.

2-. **Debes explicar as causas do fracaso da industrialización (referencia o documento 5. Podes faelo agora ou deixalo para o final do exercicio, como conclusións).**

- Escasa capacidade de consumo do mercado interior.
 - Maioría da poboación labregos e obreiros con escasa capacidade de consumo
 - Non modernización da agricultura: non demanda ferramentas, pouco consumo
- Atraso modernización transporte especialmente do ferrocarril (podes explica xa máis a fondo os problemas do ferrocarril a partir do documento 2 ou ben citalo brevemente e desenvolveo depois fíxate no apartado 3.3 destas notas)
 - Dificulta o comercio e a especialización regional. Non favoreceu o abaratamento productos. Non estímulo para a siderurxia
- Falta de capitais.
 - Mentalidade conservadora dos empresarios (podes citar o documento 5 onde se fala da excepción dos empresarios cataláns)
 - Investimentos seguros: terras
 - Non investimentos en tecnoloxía
 - Dependencia de capitais extranxeiro en sectores clave: siderurxia, minería, ferrocarril A maior parte das grandes empresas en sectores clave son extranxeiras
- Atraso técnico
 - Escasa inversión en ciencia e tecnoloxía. Deficiente sistema educativo: control da Igrexa. Man de obra abundante e barata. Proteccionismo

- Retaso das reformas políticas liberais que favorecesen o desenvolvemento industrial (cita o documento 5) .Ata anos 30: desamortización da industria, supresión gremios, etc... Anos 70: peseta, sistema métrico, etc

3-. Debes explicar o desenvolvemento dos tres sectores máis destacados e dos que ademais hai documentos no exercicio

3.1-. Industria téxtil (refe doc 4 e 5)

- Factores que favorecen o desenvolvemento do téxtil catalán (cita doc 4 e 5)
- Proceso de mecanización: vapores e indianas
 - Colonias: proveitan os cursos dos ríos. Máquinas movidas pola auga
 - Vapores: máquinas de vapor. Instalacións cerca dos portos: importar carbón e algodón
- Características
 - Empresa familiar. Dependencia tecnolóxica exterior. Depende políticas proteccionistas Atraso técnico. Escasa competitividade exterior
- Crise anos 60 (guerra secesión EE.UU) e inicioas XX (independencia Cuba) (ref doc 4: baixa a importación de algodón) Crise finais de século: independencia cuba 1898 (fíxate de novo no doc 4 e demostra que controlas tamén a cronoloxía e a historia política)
- Diversificación industrial a partir do téxtil: Ind. mecánica, metalúrxica, química, etc.

3.2-. Industria siderúrxica e minería

3.2.1-. A minería

- Importante riqueza mineira: ferro, cunbo, mercurio, cobre, etc pero escasa explotación Baixa demanda. Falta capital Atraso tecnolóxico
- A explotación a grande escala a partir de 1868: lei de bases sobre minas
 - Facilita os investimentos extranxeiros A maior parte das empresas son francesas, británicas, holandesas, etc atraídas por Ricos xacementos: ferro, mercurio, cobre, etc, man de obra abundante e barata, facilidades legais para o investimento, baixa presión fiscal
- A produción expórtase en bruto casi na súa totalidade a baixo prezo Os beneficios van fora de España

3.2.2-. A siderurxia

- Desenvolvemento tardío. Causas: escasa demanda de ferramenta agrícola e maquinaria, tardío desenvolvemento do ferrocarril: importación do material (lei de ferrocarris 1855), falta de capitais, exportación de case toda a produción de ferro, atraso tecnolóxico
- Zonas con industria siderurxica (ref mapa)
 - Malaga: anos 40 (minas de ferro, carbón vexeta)
 - Asturias: anos 60-70 (carbón mineral)
 - Biscaia: anos 80-90
- A **Industria Vasca**. Explica por que se desenvolve a siderurxia vasca a finais de século (no mapa de 1866 aínda hai pouca):
 - Ferro abundante e de alta calidade
 - Estreita relación con Inglaterra dende a exportación de ferro en bruto permite: (Capitais acumulados na minería. carbón de alta calidade, tecnoloxía británica, mercado británico: exporta ferro pero agora colado)
 - Desenvolvemento do ferrocarril: importante mercado interno
 - Proteccionismo dende 1891
 - Diversificación industrial a partir da siderurxia:

3.3-. O ferrocarril. Explica o desenvolvemento do ferrocarril. (si non o fixeches antes ó falar das causas do fracaso da industrialización Cita documento 2)

- Desenvolvemento lento e tardío (falta de investimentos, atraso técnico, escasa demanda)
 - A Lei de ferrocarris de 1855 estimulou a construción
 - Rede deficiente (radial, pouco densa, ancho de vía...)
 - Non logra totalment os efectos que tivo en outras partes de Europa: abaratamento dos prezos acceso a máis, especialización rexional, crecemento da siderurxia, crecemento da minería de carbón e ferro)
 - En España estes efectos foron escasos debidos a: escasa densidade da rede de ferrocarril, importación de material para a construción do ferrocarril, desenvolvemento tardío
- Podes facer tmen unha referencia ó demais medios de transporte: estradas e camiños e transporte marítimo)

4-. Conclusións

- Destaca o atraso da industrialización española a finais do século
- Indica os desequilibrios rexionais (mapa, documento 5)

Si non o fixeches antes debes explicar ben as causas do fracaso da industrialización (punto 2 da composición). Si xa o fixeches fai unha pequena recapitulación